

O BELEN DE BEGONTE

PREGON DO NA DAL

(2 - 12 - 2.006)

Manuel Gómez Díaz

**PREGON DO NADAL:
BELEN DE BEGONTE (2-12-2006)**

Sr. Cura párroco (D. Jesús)

Srs. Curas...

X. G.

Autoridades locais e provinciais...

Queridos amigos todos...:

Boa tarde

En primeiro lugar teño que agradecerlle a D. Jesús, a Xulio Giz e supoño que a algúns máis., que me invitasen a pronunciar este ano o xa clásico Pregón do Nadal en Begonte...

Cando aceptei este encargo, o meu desexo foi que as verbas que lles iba a dirixir respondesen o gozo da festa do seu Belén... é a sinxeleza e profundidade que o Nadal irradia a todos...

Pero dándome conta de que esto non estaba o meu alcance, o único que boamente pretendo e facer unhas reflexións sobre o Nadal...

- No senso relixioso,
- no social
- e no festivo...

-E outra reflexión sobre a representación do Belén...

-Dareime por satisfeito si algunha cousa que diga lle vale a alguén para algo... e si de este encontro nos queda, polo menos, unha sensación sinxela e agradable...

O “espírito navideño”, propio de estas datas, vains axudar a conquerilo...

Estamos en tempo de Adviento (Advento) que significa que “a presenza de Deus no mundo xa empezou”, pero tamén significa que esa presenza aínda non é total e definitiva, senón que está en proceso de crecemento e maduración...

No misterio do Nadal xa está presente o misterio Pascual... dende a noite de Belén xa se vislumbra a Vixilia Pascual...,

Non debemos, pois, aillar os feitos históricos do nacemento e da morte de Xesús do que foron a súa Vida..., a súa Mensaxe... e a súa Resurrección..., todo forma parte inseparable de un so proceso de salvación..

A presenza de Deus xa empezou e somos nos os homes, especialmente os creentes, os que o temos que seguir facendo presente no mundo continuando a súa obra...

A chegada do Reino de Deus é un acontecemento que “acontece” no corazón de cada home..., en cada historia persoal concreta...

-Por unha PARTE, invitáanos a “convertirnos”, e a abrírnos a unha nova relación con Deus. A unha relación de PATERNIDADE-FILIALDADE... que se manifeste nunha actitude relixiosa baseada na confianza e na sinxeleza... onde as veces poden sobrar os formalismos, os ritos ou as repeticións de palabras...

-Por outra PARTE, e como consecuencia do anterior, tamén fai cambiar as relacións entre os homes... que deben ser relacións de FRATERNIDADE, de HIRMANDADE... porque cando Xesús nos descubre os homes que Deus e noso Pai, tamén nos descubre que somos hirmans entre nos ...e isto, lóxicamente, debe ter consecuencias nas nosas actitudes e comportamentos... e se non as ten, poderán decírnos, con toda a razón, que aínda non entramos no acontecemento do Nadal que vamos a celebrar..

Aquel comenzo do “brilo da luz que aluma ó mundo” que se produxo un día en Belén, deberá ser pra todos nos un “comenzo permanente”...

Aquela Noite Santa do Nadal de fai 20 séculos e un “novo oxe”, e un “novo agora” cada vez que un home permite que a “luz do ben” faga desaparecer nel as tebras (tinieblas) da insolidariedade e do egoísmo... e contribúe a que esa luz siga brillando para todos os homes o traveso dos tempos...

Como nos di S. Marcos : Xesús espresa sin lugar a erro a reciprocidade entre a consecuencia relixiosa e social da súa mensaxe cando lle di o escriba :

O primeiro mandamento é : “amarás o Señor, teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a tua alma, con toda a tua mente e con todas as tuas forzas..”

E o segundo é este : “amarás o teu próximo como a ti mesmo”...”Non existe outro mandamento meirande ca estes”

Xesús presenta estes dous mandamentos coma síntese da ley e das mensaxes dos profetas... e ponos no mesmo plano... aínda que a RAIZ e o FUNDAMENTO atopanse sempre na relación con Deus...

S. Xoan interpreta moi ben esta realidade cando afirma que: “quen di que ama a Deus, a quen non ve, e non ama o seu hirmán, a quen ve, e un mentireiro...”

Temos, pois, a seguridade de que o núcleo da dimensión histórica do Reino de Deus –que empezou na primeira noite de Nadal- constitúe o amor o Pai... e podemos estar seguros tamén de que para Xesús o criterio certo da verdade do noso amor a Deus é o amor que teñamos a familia, os veciños e a todos demais...

¡Este é o metro patrón co que vamos a ser medidos...!

Acabo de referirme a dimensión histórica do Reino, o cal quer dicir que o Reino de Deus é algo que comenza na historia, e que nela medra e madura pero non se realiza plenamente... e necesario, polo tanto, falar de outra dimensión... da “dimensión trascendente do Reino...” e esta cumpriase en canto se rompan os límites da Historia., e fundamentase na Resurrección de Xesus..

Un plantexamento diferente, ademais de opoñerse frontalmente a nosa fe, deixaríanos en unha situación de “sin senso”, de “sin sentido”...

-----X-----

Tradicionalmente, as datas de Nadal son datas familiares e festivas para todos e moi especialmente para a xuventude...

¡quen non recorda aqueles días de vacacións e festas : navidade., ano vello... aninovo..., reises...! Toda unha oferta...!

¡ Había que programarse ben para administrar tanta abundancia...!
Son datas de banquetes e desexos de felicidade...! Todos rematamos endulzados do turrón e millónarios en bos desexos...!

E certo que comer ca familia e cos amigos, e os bos desexos, sempre son cousas agradables e propias de xentes de bo vivir... pero en bastantes ocasións, por desgracia, os bos desexos sin mais, por bos que sexan, pouco arreglan... as veces nada...

Por eso non quero perde-la oportunidade que me da este intento de “pregón” ou de “rollo” -que de todo ten- pra poder reflexionar con vostedes sobre algúns aspectos da “reciprocidade” entre a consecuencia relixiosa e social da mensaxe do Nadal nos nosos tempos..

Esta mensaxe –que nos incumbe a todos os que pertecemos a Igrexa ... e todos estamos chamados a elo- concretase nunha misión que se realiza en tres dimensións estreitamente relacionadas :

-Anunciala fe,

-celebrala na liturxia e
-testimoniala na caridade... e na paz

...Si ollamos o noso orredor, con algunha sensibilidade e vemos a miseria, a necesidade, o abandono, o paro ou traballo precario, a tristura na que viven moitas xentes...

...Si vemos de cerca a dificultade que teñen moitos para sacar adiante as súas familias, ou pra independizarse e crear unha nova familia mentras outros amasan fortunas a sua conta...

...Si queremos separar os efectos que pode produci-la inmigración das súas causas, e reflexionamos sobre elas...,

... en fin..., si paramos a ver as “correntes desbordadas” de desexos de poder... de posuír mais...de vivir mellor que ninguén... de querer chegar e ser os primeiros en todo...que teñen tantos e tantos...

¿qué pensamos..?, ¿Qué dicimos o ver semellantes carreiras atoladas... semellantes ambicions...semellantes presas... semellante dualidade..?

Seguramente dicimos : ¡Meu Deus, a donde vai o mundo de este xeito!
Dios mío ...: ¡a donde vas, mundo!... ¡quo vadis munde!

Unha boa parte de estos males e de outras escravitudes semellantes teñen a súa raíz en pecados persoais e sociais que, penso eu, probablemente a moral oficial trataos de xeito mais suave que a outros pecados...

Non podemos negar que estos males son verdadeiros “signos negativos” do Nadal. Signos que non encaixan para nada na mensaxe de conversión e de boa nova que nos trouxo a chegada do Fillo de Deus a nosa historia aquela noite da que canta o himno : “Hodie Chistus natus est”..

Con todo, non podemos nin debemos caer na tentación do pesimismo nin da desesperanza... e verdade que non seremos unhos santos, pero tampouco e xusto que nos fagamos ou nos fagan peores do que somos..., en xeral a xente e boa... En calquera caso debemos ter coidado cos xuízos que fagamos...

Unhos somos pais de familia.., outros hirmans..., outros relixiosos..., outros empregados uo traballadores no campo ou na fábrica..., outros profesionais dos mais variados oficios e ramas... pero todos somos persoas... Todos somos fillos de Deus e esta condición confírenos a maior dignidade na que se pode pensar...(dicía o sabio francés Blaise Pascal que unha sola alma valía mais que todo o universo visible...)

A nosa existencia humana, que e finita, acontece e desenvólvese nun mundo tamén finito... Somos seres muy limitados e esto leva consigo que todos os homes tiveran e teñamos moitas necesidades. Necesidades físicas, biolóxicas, sociais, afectivas, económicas...etc. , e todos temos que satisfacelas, polo menos pra supervivir...

Pero, ademais, temos profundamente arraigada no máis íntimo do noso ser a ansiedade de ser felices, de sobrevivir..., de que non remate todo ca morte

E todo esto é lexítimo... Deus creounos con todo o seu amor de Pai ... e para vida...

Cando algún mal, da natureza que sexa, nos ameaza, loitamos todo o posible para evitalo... e cando nos afecta pode suceder que o superemos loitando... ou que teñamos que sufrilo durante algún tempo... ou que teñamos que sufrilo e sufrilo ata o fin... Nestas situacións todos sabemos o que se agradece unha man amiga...

Repito que vivimos nun mundo finito e polo tanto imperfecto, xa que perfecto solo é Deus.... E a presenza do mal nun mundo imperfecto é inevitable...asediante...contínua...as veces terrible... e máxime para unhos seres que temo-la capacidade de sentir intensamente a dor e a felicidade, e que temolo destino –sin dubida- de ser felices algún día....

As veces o mal aparece en forma de catástrofes naturais (cósmicas), como terremotos, inundacions, volcans, tsunamis., outras veces hai accidentes fortuitos, enfermidades incurables, dores físicos... e o fin a morte...

Frente a estos males humanamente muy pouco ou nada se pode facer... pero, aínda así, a boa nova da Navidade dinos que : na Fraternidade podemos atopar axuda e consolo... e chegado o mal o caso extremo, a Resurrección dinos que a morte no ten a última palabra...

Pero hay outros males que se derivan, ou teñen a súa xénese, en deformacions ou perversions morais e estos si que se poden evitar... e a nosa obriga e evitalos...

Quizabes que a non moi ben chamada “maldade do home” pode ocasionar, e de feito ocasiona : fallos., erros..., comportamentos non axeitados..., actitudes egoístas... etc. no desenvolvemento da sociedade...

... Todos estos desaxustes son causantes de un sin fin de sufrimentos...:

A fame, a marxinación, o non ter traballo, a miseria, a incultura, as inxustizas de todo tipo, a explotación das persoas, o terrorismo...e moitos outros males imaxinables podían ser “evitados”.... Ditos males chocan de fronte ca dobre mensaxe que nos trae o Nadal : “que Deus é Pai e que tódolos homes somos hirmans..”

....

Queridos amigos, a fe cristiá plantexa, pois, unas esixencias sociais que non poden ocupar un segundo plano na conciencia dos creentes... Toda a Comunidade Cristiá debe asumilo compromiso de loitar contra calquera inxustiza e contra calquera clase de necesidade e de pobreza...

Si non o facemos así, ¿ non estaremos facilitando o ateísmo a tantos homes de boa vontade que non poden comprender a un Deus que permite que alguns derrochen mentras outros morren de fame...?

...Esto non o digo eu, díxoo o Concilio...

Afortunadamente, no noso camiño pola vida, na nosa misión dentro da Igrexa, atopamos abundantes signos positivos de Navidade.

Decilo contrario significaría negar moitas cousas...e algunhas fundamentais..

Os misioneiros que hay polo mundo., Mans Unidas., Unicef., a Cruz Vermella., Caritas., infinidade de Organizacions non gubernamentais, Institucións publicas e privadas con fins sociais., Escolas e Sanidade pra todos., Axuda a maiores., pensions non contributivas., e un longo etc. de organizacións que xa financiándose con donativos e man de obra voluntaria, xa compartindo os bens de todos, porque o fin a aplicación dos impostos que pagamos fundamentase en compartir os bens... todas estas accións e outras moitas, colectivas ou individuais, son verdadeiros signos positivos da Navidade...

E verdade que todo non se fai ben... que se poden mellorar moito as cousas..., por eso e pra eso :

- temos que seguir formándonos e informándonos...
- temos que seguir traballando e participando...
- temos que seguir sendo bos cidadáns e bos veciños
- temos que seguir reconecendo e aplaudindo aquilo que está ben feito e sendo críticos co que está mal.... E esto fagao quen o faga....

....

-e temos que “non ter medo” a que naufrague o barco... xa que por enriba de calquera tempestade que poida causar tribulacions ou pesimismos está a acción do Espírito no corazón do home e a promesa de Quén vamos a celebralo nacemento (e decir, de X.) : “non teñades medo... Eu estarei con vosco ata o final dos séculos...”.

“ A min non me parece de fe nin de razón o dubidalo”.....

Ainda que no século cuarto xa apareceron algunhas escenificaciós do nacemento de Xesús, foi a partir da representación do Belén vivente que S. Francisco de Asis fixo na gruta de Greccio en Italia, no século 13, cando a tradición dos belenes se foi facendo popular.

E seguindo a tradición, xa estendida case que por todo o mundo, sete seculos mais tarde aparece o Belén de Begonte, o noso Belén...que xa ten a idade de 34 anos e non deixa de mellorar, de emocionar e de ser visitado...(o ano pasado pasaron a velo, e supoño que moitos a vivilo, mais de 40.000 persoas)

Os personaxes que o protagonizan, colocados primorosamente polas mans de Xosé Rodríguez e dos seus colaboradores -ante os que todos estamos obrigados e non está por demáis ir pensando como vamos a agradecerllo- son claros símbolos de outros persoaxes do no noso entorno actual . Pensen senón :

-Alguns veciños de Belén, acomodados nas suas casas e alleos a todo o que pasaba... ¿non simbolizan a moitos cidadáns que cerran as portas do seu fogar e as do seu corazón as necesidades de outros...?

-E o rey Herodes no seu pazo cheo de luxo e riquezas, soberbio e aferrado o poder...¿non e o símbolo de algúns ricos poderosos ou de algúns gobernantes ou políticos...? (digo del algúns)

-E os magos de Oriente, con unha actitude de búsqueda sinxela, deixándose guiar pola estrela do ceo... ¿non simbolizan a moitos homes e mulleres que buscan honradamente a verdade para vivir sempre con ela...?

-E os pastores que corren ata o portal, adoran o Neno e voltan as suas casas cheos de xúbilo... ¿non son un maravilloso exemplo de moitas xentes sinxelas que, como todos vostedes, creen e adoran..., viven a fe e traballan..., teñen esperanza e son solidarias...?

-Sería bonito seguir descubrindo a linguaxe dos símbolos si houberse tempo...

- Perdóenme que, no muy pouco que me queda para rematalo pregón, deixe voar a imaxinación e a curiosidade para facer unha reflexión persoal e íntima en voz alta... polo tanto non teñen porque asumila...

¿Cómo se lle ocorreu a D. José montar un Belén en Begonte e “celebralo así”..?

Tódolos que conocíamos de cerca a D. José sabíamos e sabemos que era unha persoa de profunda relixiosidade... e que cando alguén, fora quen fose, tiña unha necesidade, un problema ou unha enfermidade... volcábase sin reserva para axudalo... ¡todos sabemos esto moi ben...!, moi ben...

D. José vivía intensamente a dobre mensaxe do Nadal, da que xa falei : “Amor o Pai e os Hirmans”, e dicir : relixiosidade e servizo..., e isto “deixounolo ben reflexado” na forma de celebrar Belén... e senón analicemos... :

Dos actos de o día de oxe, que gracias a D. Jesús e colaboradores manteñen a mesma liña e espírito que os do tempo de D. José, dedúcese con claridade que o senso do Belén de Begonte é algo máis que a “representación” de un misterio...

Pola vinculación que hai entre a posta en funcionamento do Belén, que logo vai a ter lugar, e a Eucaristía que estamos a celebrar, calquera se pode dar conta de que “o punto esencial do Belén de Begonte non é a representación de unha historia, se non que é a actualización e a vivencia de un misterio de fe.”

A liturxia navideña do noso Belén non se queda só co acontecemento de Belén senón que segue a Xesús ata Cruz e reconóceo como Redentor Glorificado que oxe volta de novo para dársenos na comunión...

No Belén iniciado por D. José - que agora continuamos nos- o Belén... a Cruz... e o Altar quedan ensamblados nunha mesma celebración de fe...

Ou, explicado de outro xeito : o rasgo disitintivo da celebración do Belén de Begonte vai máis aló da visión unificada da cuna e da cruz..., chega ata Eucaristía donde Deus se entrega cada día.

¡Esto, xunto ca maravilla da sua montaxe, e donde reside, o meu xuizo, a grandeza do noso Belén!

E nada máis...

Remato... con unha oración e un recordo para moitos que xa non están aquí connosco... todos temos a quen recordar... por quen pedir a Deus...a quen chorar...: familiares...amigos...(cos que esperamos volver a celebralo Nadal)...

Un un saudo, e bos desexos para moitos que por enfermidade ou ocupacions non poden estar aquí...

E para todos vostedes..... : gracias..., moitas gracias e bo Nadal (FELIZ NAVIDAD)